

## Urbano Lugrís

NA Coruña, durante o mes de agosto e os primeiros días do setembro, estivo aberta ao público unha mostra antolóxica da obra pictórica de Urbano Lugrís (A Coruña 1908-Vigo 1973). Este feito, ao noso xulcio, constituiu un suceso de primeiro orde pra cultura galega que non tivo o eco do que era merecente. Pro xa estamos afeitos. Esta era unha boa ocasión pra adicarlle a Urbano Lugrís o estudo monográfico que, a súa obra, está esixindo a berros. Ninguén máis capacitado pra escribello que o poeta Miguel González Garcés, o mellor coñecedor, sen dúbida, da obra do grande pintor coruñés e proba delo é o extraordinario artigo que lle adicou na *Gran Enciclopedia Gallega*, ao que nos remitimos. Sospeitamos que detrás da organización desta mostra andivo a mau e a sensibilidade de Garcés. Con todo o libro que se editou con motivo desta efeméride non está mal, sobor de todo na súa parte gráfica, aínda que é moi mellorable. Tan menesterosos estamos —e a nosa cultura ten tales carencias— que aínda non temos, sequera, algo tan funda-

mental como é unha historia da arte galega.

Fomos amigos de Urbano Lugrís. Sempre cuidamos que Lugrís era un anxó que un día saíu do paradiso dar unha volta polo mundo e que se perdeu, durante unhas anos, por Galiza adiante. Rilke ensinounos que todo anxó é terrible. Urbano Lugrís tiña unha pureza estremecedora e sobrenatural. Por eso non foi comprendido no seu tempo. A súa vida resultou ser unha loita continua pra agachar as súas azas e a súa condición anxélica. O veo que puxo entre él e os demais mortais era, sen dúbida, o da súa ironía. De ahí as súas *boutades* das que él foi a primeira vítima. Moitas das "saídas" de Lugrís eran necesarias pra poñer orde no mundo, na sensibilidade do home, na armonía do cosmos e deixar as cousas no lugar no que deben de estar.

A propósito de Urbano Lugrís, como de outros grandes creadores, díxéronse e escribíronse unha chea de desatinos e desapropósitos. Algunhos seudointelectuais domes-

ticados e provincianos, que desprecian o país no que naceron e no que viver, ignorando a súa propia cultura e negándolle ao seu povo capacidade creadora, teñen feito a Lugrís discípulo e "pintor menor" de varias escolas e de distintos mestres, sendo incapaces de valorar e de entender a súa singularidade e o seu asombroso dominio do oficio. Na pintura, de Lugrís está a cultura dun povo e, sobor de todo, a súa cultura máxica, a lembranza das lembranzas que temos esquecidas mais que van no fondo de nós, no lugar máis sagrado da nosa conciencia e da nosa sensibilidade, onde gardamos o misterio esencial do noso ser.

No conxunto da Pintura Galega, e aínda no conxunto da Pintura Universal, Lugrís ocupa un primeiro plano. A súa obra é orixinalísima. Nos seus cadros nós recoñecemos a luz atlántica —a de A Coruña, a de Vigo— que tan escasamente se levou ao lenzo. O seu pseudónimo de Ulyses Fingal é significativo. Entendemos que a pintura de Lugrís corresponde a literatura de Alvaro Cunqueiro. A obra dos dous gran-

des artistas complementáanse dun xeito perfecto. Moitos dos temas —a illa de San Barandán, as eirexas sulagadas, os milagres de San Gonzalo inventados por Cunqueiro, San Pedro Telmo, os monstruos mariños— son comúns aos dous artistas. Ambos teñen tamén un idéntico sentido poético e foron cidadáns ceibes do Reino da Fantasía e da Beleza. Este maravilloso mundo ategado de melancolía e de nostalgia espresouno Lugrís con estilo, se se quere, máis vigoroso e rexo, cun tono pondaliano pra decilo de algún xeito. Mentras que Cunqueiro o espresou dunha maneira máis sen contornos, con un tono máis cancioreiril e ao escribir a palabra *cancioreiril*, cavilamos nos cervos de Pero Meogo e nas abelairas floridas de Xohán Zorro. O tema da terra é o predominante en Cunqueiro. E o do mar é en Lugrís: toda a súa pintura está chea de mar. Un mar persoal e irrepitíbel.

AO evocar a Urbano Lugrís e ao mesmo Alvaro Cunqueiro, evocamos tamén a época miserenta que lles tocou vivir. Ambos a dous —como non



Manuel María

podía ser menos— sentiron o rechazo dun Madrid, capital do esperpéntico imperio franquista. E viéronse pró seu país, pra súa patria natural, pra terra do seu espírito. Eiquí atoparon unha burguesía filisteia, ifiorante e antigalega que non era merecente deles. Alvaro Cunqueiro tivo algo de máis sorte porque rematou acadando un estatus económico de certa importancia. O caso de Urbano Lugrís foi tráxico. O silencio que caeu sobor da súa obra, dende sempre, é significativo. Os murais que deixou en tantas tabernas e edificios do país, destruíronse ou deixáronse derramar entre a indiferencia de todos. Algunhos cecais se poderían salvar.

Todo o recoñecemento que tivo —deica ao de hoxe— a obra de Urbano Lugrís é esta mostra antolóxica e o libro recién editado, no que aparecen firmas —como sempre acontece nestes casos— que nada teñen que ver nen co pintor nen co significado da súa obra. Todo isto é moi triste. É moi desesperanzador.